

Índice de confianza do consumidor. Xaneiro 2007.

COMUNICADO

Inesperada baixada dos indicadores de confianza e sentimento do consumidor

Descenden os saldos dos dous indicadores resumo principais da enquisa

O índice de confianza do consumidor acada neste primeiro mes de 2007 un valor de -21,7. Este saldo supón un descenso de case 1,5 puntos con respecto ao saldo do mes pasado. Este comportamento non se dera dende que comezamos facer o índice en xuño de 2003 posto que, nos anos pasados, o dato de xaneiro melloraba o do mes anterior e indicaba o comezo duns meses de recuperación.

O comportamento do índice de sentimento este mes de xaneiro de 2007 novamente vai parello ao do ICC e aínda que normalmente ten movementos máis suaves que o indicador de confianza, neste mes o descenso é maior, baixa 1,8 puntos con respecto ao mes pasado.

Indicadores resumo

Unidade: saldo respostas en %

	ICC	ISC
2006		
Xaneiro	-21,5	-28,7
Febreiro	-19,1	-26,1
Marzo	-18,0	-25,7
Abril	-17,4	-25,6
Maio	-18,0	-27,3
Xuño	-17,3	-26,7
Xullo	-16,7	-24,1
Agosto	-18,5	-23,4
Setembro	-20,2	-22,7
Outubro	-22,3	-27,7
Novembro	-22,7	-27,0
Decembro	-20,3	-26,0
2007		
Xaneiro	-21,7	-27,8

Fonte: IGE. Índice de confianza do consumidor

Sómente dous dos once saldos calculados melloran con respecto ao último mes de 2006

A capacidade futura de aforro e a oportunidade de facer grandes compras (compoñentes do ICC e ISC respectivamente) son as únicas variables que presentan un mellor valor neste mes de xaneiro de 2007.

No que respecta aos prezos vólvese de cheo ó comportamento habitual. A evolución pasada dos prezos presenta un valor moi inferior ás perspectivas de evolución dos mesmos, sendo ambos saldos negativos.

As perspectivas de evolución do emprego, tralo repunte típico das datas de Nadal seguen descendendo. Vese a evolución no seguinte gráfico.



Fonte IGE. Índice de confianza do consumidor



Definicións:

Índice de confianza do consumidor: media simple dos resultados das preguntas relativas á situación económica futura do fogar e da Comunidade Autónoma, capacidade futura de aforro e evolución do número de parados.

Índice de sentimento do consumidor: media dos resultados das preguntas relativas á oportunidade de facer grandes compras e á situación financeira persoal e de Galicia (tanto a evolución pasada coma as perspectivas de evolución).

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>